Primaria

# Ciencias da Natureza 1

Programación

## Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

**Título**
O meu corpo

**Descrición da unidade**
O núcleo motivador é o propio corpo do alumno.

Os contidos que se traballan nesta unidade son:

- As partes do corpo.
- As partes da cara.
- As articulacións.
- Os sentidos.

A través do coñecemento e da propia experiencia dos alumnos sobre os órganos dos sentidos, o neno recoñece a súa interacción e a importancia daquilo que percibe no contorno sendo partícipe da súa propia aprendizaxe.

Os alumnos, mediante o coñecemento das articulacións, poderán ser conscientes dos seus propios movementos.

Nesta unidade, a educación en valores xira en torno aos sentimentos, a forma de percibilos nos demais e na propia persoa a través dos xestos e o modo de expresalos.

**Temporalización**

Setembro ☐ ☐ ■ ■ Outubro ■ ■ ☐ ☐

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e respectar as diferenzas físicas das persoas.
- Coñecer e nomear as partes externas do corpo e as partes da cara.
- Coñecer os nomes das articulacións, a súa localización no corpo e a posibilidade de movementos.
- Coñecer os nomes dos cinco sentidos e os seus órganos.
- Recoñecer e discriminar diferentes formas, sons, sabores, olores e texturas.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Coñecemento e respecto polas diferenzas individuais das persoas, aceptando as súas limitacións e posibilidades.<br>• Características das partes externas do corpo.<br>• Uso adecuado e preciso do vocabulario referido ás partes do corpo e da cara.<br>• Coñecemento e localización das partes da cara.<br>• Características das articulacións e a súa localización no corpo.<br>• Recoñecemento dos movementos do corpo mediante as articulacións.<br>• Identificación dos sentidos e os seus órganos.<br>• Utilización da información para a identificación dos olores e a súa clasificación.<br>• Coñecemento e clasificación dos sabores e a súa relación cos diferentes alimentos.<br>• Clasificación dos diferentes sons do seu contorno.<br>• Coñecemento das características do sentido da vista. Discriminación e clasificación de | 1. Coñecer e respectar as diferenzas físicas das persoas. | 1.1. Identifica e respecta as características individuais das persoas. |
| | 2. Coñecer e nomear as partes externas do corpo. | 2.1. Identifica e nomea as partes externas do corpo.<br>2.2. Clasifica as partes do corpo e relaciónaas coa cabeza, o tronco e as extremidades. |
| | 3. Recoñecer e nomear as partes da cara. | 3.1. Identifica e nomea as partes da cara.<br>3.2. Identifica as características físicas do seu propio corpo. |
| | 4. Coñecer o nome das articulacións, a súa localización no corpo e a posibilidade de movementos. | 4.1. Nomea as articulacións do corpo.<br>4.2. Recoñece os posibles movementos que permite cada articulación.<br>4.3. Relaciona o nome de cada articulación coa súa localización no corpo.<br>4.4. Interpreta unha información en imaxes. |
| | 5. Coñecer os nomes dos cinco sentidos e os seus órganos. | 5.1. Diferencia os sentidos e os órganos.<br>5.2. Relaciona cada sentido co seu órgano correspondente.<br>5.3. Realiza observacións directas mediante os sentidos. |
| | 6. Diferenciar os olores e clasificalos en agradables e desagradables. | 6.1. Clasifica os olores en agradables e desagradables. |
| | 7. Discriminar os sabores e a relación cos alimentos. | 7.1. Diferencia os distintos sabores.<br>7.2. Relaciona cada sabor cos alimentos correspondentes. |
| | 8. Identificar diferentes sons, aplicando distintos criterios. | 8.1. Recoñece diferentes sons e clasifícaos en sons agradables e desagradables. |
| | 9. Recoñecer as | 9.1. Discrimina e clasifica |

| | | |
|---|---|---|
| obxectos pola forma, a cor e o tamaño.<br>• Coñecemento das características do sentido do tacto e a diferenza entre duro e brando, áspero e suave. | características do sentido da vista. Discriminar e clasificar obxectos atendendo á forma, ao cor e ao tamaño. | obxectos pola forma, a cor e o tamaño. |
| | 10. Recoñecer as características do sentido do tacto. Discriminar os obxectos polo tacto recoñecendo as súas características: duro-brando, áspero-suave. | 10.1. Discrimina e clasifica obxectos polas súas características: duro-brando, áspero-suave. |

## 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF)

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Identifica e respecta as características individuais das persoas. | • Selección de actividades do LA.<br>• Xogos propostos na PD. |
| 2.1. Identifica e nomea as partes externas do corpo. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de reforzo dos RF. |
| 2.2. Clasifica as partes do corpo e relaciónaas coa cabeza, o tronco e as extremidades. | • Actividades de repaso do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 3.1. Identifica e nomea as partes da cara. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de ampliación dos RF. |
| 3.2. Identifica as características físicas do seu propio corpo. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 4.1. Nomea as articulacións do corpo. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 4.2. Recoñece os posibles movementos que permite cada articulación. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de ampliación dos RF. |
| 4.3. Relaciona o nome de cada articulación coa súa localización no corpo. | • Actividades propostas na PD.<br>• Ficha de ampliación dos RF. |
| 4.4. Interpreta unha información en imaxes. | • Selección de actividades do LA. |
| 5.1. Diferencia os sentidos e os órganos. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de reforzo dos RF. |
| 5.2. Relaciona cada sentido co seu órgano correspondente. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de ampliación dos RF. |
| 5.3. Realiza observacións directas | • Actividades propostas na PD. |

| | |
|---|---|
| mediante os sentidos. | |
| 6.1. Clasifica os olores en agradables e desagradables. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 7.1. Diferencia os distintos sabores. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 7.2. Relaciona cada sabor cos alimentos correspondentes. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de reforzo dos RF. |
| 8.1. Recoñece diferentes sons e clasifícaos en sons agradables e desagradables. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 9.1. Discrimina e clasifica obxectos pola forma, a cor e o tamaño. | • Actividades propostas na PD.<br>• Ficha de ampliación dos RF. |
| 10.1. Discrimina e clasifica obxectos polas súas características: duro-brando, áspero-suave | • Actividades de repaso do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia | Descriptor | Desempeño |
|---|---|---|
| *Comunicación lingüística* | Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... | Entende o enunciado das actividades sen necesidade de axuda. |
| | Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información. | Exprésase oralmente con claridade. |
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. | Coñece as partes principais do seu corpo, os órganos dos sentidos e a utilidade de cada un.<br>Coñece a importancia do coidado do corpo humano. |
| *Competencia dixital* | Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos. | Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade. |
| *Aprender a aprender* | Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. | Segue os pasos establecidos na resolución de actividades. |
| | *Intelixencias múltiples:* Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. | Practica mecanismos básicos de autocomprensión. Sabe expresar como se sente. |
| *Competencias sociais e cívicas* | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. | É respectuoso coas persoas que presentan algún tipo de discapacidade.<br>É respectuoso co contexto multicultural da aula. |
| | *Educación en valores:* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. | Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese. |
| *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* | Ser constante no traballo superando as dificultades. | Identifica os seus erros na tarefa. |
| *Conciencia e expresións culturais* | Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. | Realiza o traballo con pulcritude. |

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Observamos a lámina inicial e traballamos con ela

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas na PD.
- Realizamos as actividades do LA, do LD e da PD de «Que sabemos».

**Tarefa 2:** Coñecemos as principais partes do corpo

- Traballamos o LA, e as suxestións metodolóxicas e o traballo cooperativo na PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

**Tarefa 3:** Traballamos os nomes e as funcións das partes da cara

- Coñecemos as partes da cara no LA, suxestións metodolóxicas na PD e actividades interactivas do LD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

**Tarefa 2:** Coñecemos as articulacións

- Introducimos o concepto de articulación co LA e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

**Tarefa 3:** Traballamos os sentidos e a utilidade de cada un

- Traballamos en cooperativo como propón a PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.
- Propoñemos aos alumnos o proxecto da PD.

**Tarefa 4:** Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Realizamos as actividades da PD.
- Poñemos en práctica o apartado Proxecto da PD.
- Traballamos de xeito cooperativo como propón a PD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- As actividades que se propoñen nesta unidade permiten que o profesor observe como os seus alumnos rodean, unen, colorean, subliñan e así saiba o nivel no que se encontran e o seu grao de habilidade para executalas. Segundo as necesidades do alumnado, insistiremos máis no reforzo ou no que aprenden de novo.

- A lámina motivadora e as actividades da páxina «Que sabemos» axudarannos a comprobar os coñecementos previos dos alumnos e partir deles.
- Exposición do profesor. As explicacións dos contidos da unidade deberán ir acompañadas de exemplos próximos aos nenos ou axudadas por material manipulativo.
- Ao longo da unidade didáctica propóñense actividades que reforzan os valores co fin de que os alumnos tomen conciencia do respecto polas diferenzas físicas e intelectuais das persoas con discapacidades desenvolvendo a empatía, é dicir, que o alumno sexa capaz de identificarse mental e afectivamente co estado de ánimo e cos sentimentos doutras persoas.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- No apartado «Para saber máis» suxírense curiosidades e ampliación dos contidos.
- Proxectos de investigación. Nesta unidade propóñense actividades para que o neno poida realizar unha aprendizaxe por experimentación.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da Natureza:

- Recursos fotocopiables da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Materiais: obxectos de diferentes texturas, alimentos de distintos sabores, produtos olorosos, un boneco articulado.
- Mural da unidade, no que se mostran o corpo humano e os órganos dos sentidos.

**Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiables.
- A continuación recóllense algúns enlaces web:
  - Partes do corpo: http://ares.cnice.mec.es/ciengehi/a/00/animaciones/a_F_a00_00.html
  - O corpo humano: http://ares.cnice.mec.es/edufisica/a/00/index.html

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiables).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?